



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2025-15

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

3 de Setembro de 2025

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:06

Hora de Finalización

10:28

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA

Secretario: PURIFICACION SALGADO RODRIGUEZ

Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

CRISTINA GOMEZ DOBARRIO

LUCIA GIL CID

MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS:

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 14.08.2025 (ACTA 14/2025)

A acta apróbbase por unanimidade.

### 2º. CERTIFICACION NUM. 1, LIQUIDACION DA OBRA "PAVIMENTACIÓN EN RÚAS EN VEIGA DE NOSTRE", OBRA DE SUBVENCION NOMINATIVA DA DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE.

O Sr. Alcalde, lembra aos presentes a **subvención nominativa** concedida por acordo da **Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial** de Ourense, de data **30 de xuño de 2025**, para a obra "**Pavimentación en rúas de Veiga de Nostre**"

A continuación, pasa a dar conta ós presentes da **certificación núm.1, liquidación** da devandita obra de "**Pavimentación en rúas de Veiga de Nostre**", financiada pola Deputación Provincial de Ourense, por un importe total de **29.500,00 euros**, suscrita polo director das mesmas, **Juan Carlos Mangana Losada**, arquitecto Colexiado núm 2172, do COAG, de data **1 de setembro de 2025**.

Examinada a mesma e atopada conforme, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar a referida **certificación núm. 1, liquidación** da obra denominada "**Pavimentación en rúas de Veiga de Nostre**" financiada pola Deputación Provincial de Ourense por un importe total de **29.500,00 euros**, suscrita polo director das mesmas, **Juan**





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

**Carlos Mangana Losada**, nos termos nos que se atopa redactada.

**SEGUNDO.** Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da obra; e consecuentemente, **aprobar a factura:**

- **Núm. A 136 de EXCAVE 2000, S.L. de data 01/09/2025**, correspondente a certificación núm 1 e única, da obra "**Pavimentación en rúas de Veiga de Nostre**" por importe de **29.500,00 euros**.

**TERCEIRO.** Declarar que se **cumpliu á finalidade** para a que se concedeu a subvención; **facer constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de recoñecemento da obriga, do gasto derivado da contratación da obra; que o **importe certificado acada o 100,00% da subvención** que se concedeu; e **declarar**, ademais, que na tramitación e **contratación** das obras **cumpríuse a normativa de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe nos contratos do sector público.

**CUARTO.** Declarar que a actuación desenvolvida non precisou de autorizacións sectoriais para a súa realización.

**QUINTO.** Consecuentemente, **aprobar a conta xustificativa** da actuación nos termos recollidos nos catro apartados anteriores deste acordo.

### **3º. CONTA XUSTIFICATIVA DA ACTUACION "RENOVACION DO PECHE EXTERIOR DO CEIP RAUL FERNANDEZ" EXECUTADA AO ABEIRO DA RESOLUCION DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO, DO 11 DE DECEMBRO DE 2024 (DOG NUM. 5 DO 09/01/2025) DE SUBVENCIONS PARA A CORRECCION DE IMPACTOS PAISAXISTICOS DESTINADAS A CONCELLOS DE GALICIA.**

O Sr. Alcalde lembra aos presentes a **subvención** concedida por Resolución do **Instituto de Estudos do Territorio**, de data **16 de maio de 2025**, das de axudas a concellos de actuacións para corrección de impactos paisaxísticos, para a execución da actuación chamada "**Rehabilitación das fachadas do edificio de servizos das piscinas municipais**" (**0019/2024MT402B**)

A continuación, pasa a dar conta ós presentes da **certificación núm.1, liquidación** da devandita obra denominada "**Renovación do peche exterior do CEIP Raúl Fernández**" (**007/2025MT402B**) de data 02/09/2025, por un importe total de **5.916,84 euros**, suscrita polo director das mesmas, **Juan Manuel Mera Díaz**.

Examinada a mesma e atopada conforme, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar a referida **certificación núm. 1, liquidación** da obra denominada "**Renovación do peche exterior do CEIP Raúl Fernández**" (**007/2025MT402B**)" cofinanciada polo **Instituto de Estudos do Territorio**, por un importe total de **5.916,84 euros**,





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

suscrita polo director das mesmas, **Juan Manuel Mera Díaz**, nos termos nos que se atopa redactada.

**SEGUNDO.** Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da obra; e consecuentemente, **aprobar as facturas:**

**Núm. A/137 de EXCAVE2000, S.L.** de data **03/09/2025** correspondente a certificación núm. 1, liquidación da devandita obra, por importe de **5.916,84 euros.**

**Núm. 20/2025 de Arquitega, S.L.** de data **02/09/2025** correspondente aos honorarios técnicos da actuación en cuestión, por importe de **657,43 euros.**

**TERCEIRO. Declarar** que se **cumpliu á finalidade** para a que se concedeu a subvención; **facer constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de recoñecemento da obriga, do gasto derivado da contratación da obra; e **declarar**, ademáis, que na tramitación e contratación das obras **cumpríuse a normativa de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe nos contratos do sector público.

**CUARTO. Declarar** que a actuación desenvolvida non precisou de autorizacións sectoriais para a súa realización.

**QUINTO. Consecuentemente, aprobar a conta xustificativa** da actuación nos termos recollidos nos catro apartados anteriores deste acordo.

### 4º. SOLICITUDE A DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE DE ACTUACIÓN VARIAS NO CONCELLO.

O Sr. Alcalde explica que encargou a elaboración dunha serie de valoracións técnicas de diferentes actuacións no concello, coa finalidade de poder solicitar á Deputación o seu financiamento.

Trátase, concretamente das seguintes:

- Substitución de Fosa Séptica en **Monteveloso** (a actual ten moitos anos e xa non depura ben), consistente en vaciar a actual e instalar unha nova prefabricada no seu interior.

Importe estimado (IVE incluído) **19.000,00 €**

- Substitución de Fosa Séptica en **Vilar** (a actual ten moitos anos e xa non depura ben), consistente en vaciar a actual e instalar unha nova prefabricada no seu interior, neste caso tamén é preciso mellorar o acceso.

Importe estimado (IVE incluído) **24.000,00 €**

- Renovación do pavimento e execuciónar pluviais na Rúa Cruceiro de Nocado do Val. Importe estimado (IVE incluído) **47.000,00 €**





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

- Renovación o pavimento e execución de pluviais na **Rúa Pombal de Castrelo do Val**.  
Importe estimado (IVE incluído) **48.000,00 €**

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA**:

**PRIMEIRO.** Aprobar as actuacións descritas anteriormente e, na súa consecuencia solicitar á Deputación Provincial de Ourense o financiamaneto das mesmas, a saber:

- Substitución de Fosa Séptica en **Monteveloso** (a actual ten moitos anos e xa non depura ben), consistente en vaciar a actual e instalar unha nova prefabricada no seu interior.

Importe estimado (IVE incluído) 19.000,00 €

- Substitución de Fosa Séptica en **Vilar** (a actual ten moitos anos e xa non depura ben), consistente en vaciar a actual e instalar unha nova prefabricada no seu interior, neste caso tamén é preciso mellorar o acceso.

Importe estimado (IVE incluído) 24.000,00 €

- Renovación do pavimento e execución de pluviais na Rúa Cruceiro de Nocado do Val. Importe estimado (IVE incluído) 47.000,00 €

- Renovación o pavimento e execución de pluviais na **Rúa Pombal de Castrelo do Val**.  
Importe estimado (IVE incluído) 48.000,00 €

**SEGUNDO.** Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial de Ourense.

### **5º. SOLICITUDE A DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE DE INCLUSION DO CONCELLO DE CASTRELO DO VAL NOS CONVENIOS COA CONSELLERIA DE MEDIO RURAL PARA ADQUISICION DE TRACTORES CON ROZADORA PARA A SUA CESION PARA A REALIZACION DE TAREFAS PREVENTIVAS.**

O Sr. alcalde explica que o tractor con rozadora con que conta o Concello, é do 2009; polo que ten xa dezaseis anos; motivo polo que o número de averías ao longo do ano, vai en aumento; có conseguinte aumento dos gastos en mantemento e reparacións e a simultánea redución da súa operatividade durante as paradas para ser reparado en talleres.

Lembra a continuación que, cada ano, a Deputación Provincial de Ourense asina convenios coa Consellería de Medio Rural para a adquisición de tractores con rozadora novos que, posteriormente, a Deputación cede aos concellos para a realización de tarefas preventivas.

Así pois ao considerar o avanzado da vida útil do tractor con rozadora con que conta o Concello na actualidade e ao resultar motivado e conveniente para os intereses municipais dotarse dunha máquina nova, é polo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA**:

Solicitar á Deputación Provincial de Ourense a inclusión do Concello de Castrelo do Val no ámbito do próximo Convenio que ésta asine coa Consellería de Medio Rural para a





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

adquisición de tractores con rozadora novos e que, posteriormente, a Deputación ceda un deles a este concello para a realización de tarefas preventivas.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario